

4-10 xan
Os verdes anos (1963)

16 xan
Mudar de vida (1966)


24 xan
A illa dos amores (1982)

31 xan
A illa de Moraes (1984)

7 feb
O río de Ouro (1998)

«Paulo Rocha ensinoulle a mirar ao cinema
portugués»

Antonio Jiménez Barca, EL PAÍS



Entrevista con Paulo Rocha: «Sempre atopei a forma de pasear»

Por Roberto Turigliatto en 1995

Quería volver a percorrer con vostede a súa biografía e as súas orixes no cinema. Nacín en Portugal en 1935, nunha familia un pouco «brasileira». O meu pai era un inmigrante de orixe campesiña que fixera fortuna en Río de Janeiro e volvera para Porto, a cidade máis próxima á terra onde nacín. No ambiente burgués desta cidade eramos unha familia un pouco exótica. O meu pai era un comerciante con moitas relacións internacionais, ata con Italia, durante moitos anos tivo unha sede de embarcacións en Xénova. E, ao mesmo tempo, mantiña os seus intereses literarios, gustáballe moito a literatura e escribía. O seu maior soño, cando eu tiña seis ou sete anos, era que me fixese escritor, e influíame neste sentido. Pero non foi tanto por motivo da súa influencia polo que a partir dos seis anos comecei a imaxinar historias, pensando que cando medrase escribiría novelas ou obras de teatro. Todo isto rematou aos trece ou catorce anos, co inicio da adolescencia.

Nos anos 50, cando cheguei a Lisboa para estudar dereito na universidade, caín nun ambiente de católicos progresistas, reunidos ao redor da universidade, que eran, ante todo, uns apaixonados polo cinema. (...) Gran parte do que sucedeu en Portugal desde hai 30 anos ata agora deriva da falla que se abriu nesa época. Subitamente, volveuse posible ser culto, vangardista na arte e politicamente comprometido.

Nun certo momento, os meus estudos universitarios en Lisboa non ían moi ben e comecei a producir unha cantidade excesiva de historias. Escribía catro páxinas, a veces máis, lembro que fixen unha lista, tiña preto de cincuenta historias e cada unha levárame unha semana na cabeza. Corpos, personaxes, acontecementos. Sempre atopei a forma de pasear, xa fora pola cidade, escoitando as persoas, ou ben en lugares un pouco máis máxicos e misteriosos, na montaña, no campo...

En que momento pensou en converterse en cineasta? Cando aínda estudaba dereito en Lisboa, pensaba vagamente en atopar unha profesión. (...) Non serei avogado, serei cineasta. En Portugal non había cinema, non se facían filmes. Descubrín que en Porto había un gran cineasta, e como Porto non é moi grande, a través dunha prima miña coñecín a Oliveira. Comezamos a falarnos. Foi un largo período no que Oliveira quería ser un cineasta completamente independente, comprobaba material e, nunha parte da casa que herdara, montar a un estudo cinematográfico.

Traballaba en moitos filmes ao mesmo tempo e, por iso, este proceso se prolongou durante cinco ou seis anos. Coñecino no 1958. Na súa sala de montaxe a máquina era italiana, de Milán, unha máquina milagrosa, a primeira que entrou en Portugal, vin os primeiros fragmentos, os primeiros anacos dos seus filmes.

Despois foi a París, onde frecuentou o IDHEC durante os anos da Nouvelle Vague... Foi estupendo, un momento de xuventude e vitalidade increíble. En París descubrín os movementos poéticos que estaban de moda, os surrealistas e mil outras cousas, pero tamén, por exemplo, a literatura chinesa e xaponesa. Ao mesmo tempo, a Nouvelle Vague era moito menos importante para min, non só polo cinema xaponés que comezaba a descubrir pouco a pouco xunto coa arte, coa pintura e cos gravados, senón tamén polo cinema italiano, onde sempre me sentín máis na casa, xa sexa a través das comedias e filmes de Totò ou dos grandes autores. Foi en París onde empecei a estudar xaponés. En París coñecín xente que estudara con Mizoguchi, guionistas, algúns andaban polo IDHEC.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Jugar con la memoria,
Iván Villarrea Álvarez e
Horacio Muñoz Fernández
Asociación Shangrila Textos
Aparte, 2014